

# “Con Cilia no cole”

## PROGRAMA DE CONCILIACIÓN

### VERÁN 2020



*Cilia é unha nena de 8 anos que vive nunha pequena illa do Pacífico. A súa vida alí é moi diferente á nosa: vive preto do mar e da natureza e alonxada de grandes cidades. Pero ten as mesmas inquedanzas que nós: xogar, disfrutar da natureza, da familia, das amizades, ...ser feliz!*

*Ela tivo a sorte de que na súa illa non chegou a pandemia. Aínda así é moi consciente do que está a pasar en moitos países do mundo e fainos unha soa pregunta: **“Despois de todo isto, teremos un mundo diferente?”***

*Ao longo destas 6 semanas trataremos de investigar que nos gusta do noso mundo e que cambiaríamos del para construír un planeta mellor no que vivir, disfrutar e ser felices!*



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



# “Con Cilia no cole”

## XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS

A Federación Provincial de ANPAS, conxuntamente co Concello da Coruña, en cumprimento da lexislación dimanada do estado de alarma e co fin de dar resposta ás necesidades de conciliación das familias, pretende levar a cabo unha proposta de actividades multidisciplinares para este período vacacional. A oferta terá unha estrutura semellante aos Campacoles de edicións anteriores, pero neste caso exclusivamente para as familias (ambos proxenitores ou familias monoparentais) que xustifiquen a necesidade de conciliar, xa que éste é o eixo principal desta proposta.

O obxectivo da mesma é cubrir a nivel pedagóxico este tempo de lecer, con contidos, valores e actitudes desexables nos escolares, desde una perspectiva lúdica, facilitando ao tempo a conciliación da vida laboral, social e familiar.

Ofrécese tamén a posibilidade de manter cobertura horaria similar á do período escolar (incluíndo tardes) coa ampliación de servizos como madrugadores (con ou sen almorzo) e comedor.

Este programa estival de recreación desenvolverase de luns a venres en horario de 10:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 20:00h. desde o martes 22 de xuño ata o venres 31 de xullo de 2020, distribuído e 6 quendas semanais de actividades con temáticas diferentes.

## DESCRIPCIÓN

As actividades que se programan abranguen diferentes áreas de contidos, polo que terán un carácter multidisciplinar, permitindo así realizar actividades moi variadas, dende propostas de animación á lectura, xogos de enxeño, actividade motriz, musicais, teatrais, etc. Obxectivos: Conciliar a vida familiar e laboral das familias. Ofrecer aos nenos e nenas alternativas para gozar do tempo libre. Favorecer o desenvolvemento da imaxinación e da creatividade. Potenciar o desenvolvemento das habilidades psicomotoras e manipulativas dos participantes. Promover actitudes de solidariedade, cooperación e respecto cara aos demais. Fomentar a adquisición das habilidades sociais como forma de facilitar a adaptación á contorna. En todas as actividades que se desenvolvan implementaranse as medidas de seguridade que establezan as diferentes autoridades sanitarias, laborais e educativas, con estricto cumprimento dos protocolos establecidos pola pandemia COVID-19. Asemade, a Federación Provincial de ANPAS farase responsable de todos os posibles danos e perxuizos, así como da suscripción dos seguros obrigatorios de responsabilidade civil para o desenvolvemento das actividades propias do programa.

## DATAS

O campamento levaríase a cabo do 22 de xuño ata o 31 de xullo, distribuído nas seguintes quendas semanais:



- QUENDA 1: do 22 ao 26 de xuño de 2020.
- QUENDA 2: do 29 de xuño ao 3 de xullo de 2020.
- QUENDA 3: do 6 ao 10 de xullo de 2020.
- QUENDA 4: do 13 ao 17 de xullo de 2020.
- QUENDA 5: do 20 ao 24 de xullo de 2020.
- QUENDA 6: do 27 ao 31 de xullo de 2020.

## HORARIOS E SERVIZOS



O horario das actividades serán as seguintes:

- DE MAÑÁ: de 10:00 a 14:00 h. 70% das prazas ofertadas.
- DE TARDE: de 16:00 a 20:00 h. 30% das prazas ofertadas.

Este horario poderase ampliar cos seguintes servizos:

- MADRUGADORES (con ou sen almorzo): A partir das 8:30 h.
- COMEDOR: Desde as 14:00 ata as 15:30h. (podendo saír dende ás 15:00 h.)

Contemplanse a media mañá unha parada entre as 11:00 e 11:20 h., aproximadamente, para tomar unha pequena merenda que os escolares poderán levar da casa.

## DESTINATARIOS

Os destinatarios serán EXCLUSIVAMENTE todos aqueles nenos e nenas que cumpran estas 2 condicións:




1. Que estean matriculados en Educación Infantil ou Educación Primaria dos CEIPs públicos do Concello da Coruña no presente curso 19/20.
2. Que os seus proxenitores o titores legais acrediten a necesidade dun servizo de conciliación laboral e familiar no horario escollido para participar en dito programa.

NOTA: A RATIO MÍNIMA PARA PODER LEVAR A CABO A ACTIVIDADE SERÁ DE 15 ESCOLARES POR SEDE E 10 NOS SERVIZOS DE MADRUGADORES E COMEDOR.

**A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS FARASE EXCLUSIVAMENTE POR ORDE DE INSCRICIÓN.**

## SEDES

- CEIP ALBORADA
- CEIP CURROS ENRÍQUEZ
- CEIP EMILIA PARDO BAZÁN
- CEIP JUAN FDEZ. LATORRE
- CEIP MANUEL MURGUÍA
- CEIP ROSALÍA DE CASTRO
- CEIP SAN PEDRO DE VISMA
- CEIP SANJURJO DE CARRICARTE
- CEIP WENCESLAO FDEZ. FLÓREZ



## COTAS DO PROGRAMA E SERVIZOS

As cotas por cada participante e quenda son:

PROGRAMA MAÑÁ OU TARDE: 15€.\*

MADRUGADORES SEN ALMORZO: 10€.

MADRUGADORES CON ALMORZO: 15€.

COMEDOR: 20€.

\*Estarán exentos desta cota os nenos e nenas que cumpran os requisitos de participación e sexan beneficiarios de beca comedor para este curso 19/20.



## PRAZOS PARA FORMALIZAR A INSCRICIÓN

(A adxudicación de prazas será por rigurosa orde de inscrición)



PREINSCRICIÓN: 27, 28 e 29 de maio. na seguinte ligazón: <https://forms.gle/SYMy16a5GfSxJYtY9>

PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE ADMITIDOS E LISTAXES DE AGARDA: 9 de xuño.

(Publicarase na web municipal e na web municipal, no o10 e na web [www.fedapascoruna.org](http://www.fedapascoruna.org)

INSCRICIÓN: 10, 11 e 12 de xuño do 2020.

XESTIÓN DA LISTAXE DE AGARDA: do 13 ao 19 de xuño.

## PAGAMENTO DA COTA



Do 10 ao 12 de xuño (ambos os dous incluídos).

A cota correspondente aboarase mediante transferencia á conta da Federación Provincial de Anpas :  
ES37 2100 6359 5802 0006 1816

E enviarase o seu comprobante por correo electrónico a [concilianocole@fedapascoruna.org](mailto:concilianocole@fedapascoruna.org) xunto co nome do participante, a quenda, servizos admitidos e modalidade horaria correspondente.

No caso de non se realizar o pagamento nos ditos prazos a praza quedará vacante, e serán chamadas as persoas solicitantes da listaxe de agarda para cubrila.

Se unha vez aboada a cota non fose posible realizar o campamento, só se devolverá o seu importe se se cobre a praza con outra persoa solicitante.

**MÁIS INFORMACIÓN: 981 20 20 02 / 698 158 503**  
**[info.concilianocole@fedapascoruna.org](mailto:info.concilianocole@fedapascoruna.org)**